

Unidade Didáctica
Concello de Vigo - Concellaría da Muller
Area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.



corresponsabilidade

O traballo e as responsabilidades domésticas
e a igualdade de oportunidades entre
homes e mulleres.

O traballo e as responsabilidades domésticas e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Entendemos por traballo toda actividade destinada á produción e reprodución da vida humana, aínda que habitualmente este termo sexa utilizado como sinónimo de “emprego”. Non embargantes, emprego é aquela parte do traballo que se intercambia por salario.

Os niveis de benestar e riqueza dunha sociedade veñen definidos pola carga total de traballo -remunerado e non remunerado- dos homes e mulleres desa sociedade. Dos estudos realizados despréndese que só un terzo desa carga total de traballo se corresponde co traballo monetarizado, é dicir, que o soporte fundamental do sistema económico é o traballo non remunerado. Neste tipo de traballo adscíbese o traballo social- voluntariado- e fundamentalmente o traballo doméstico.

O lugar do traballo doméstico é o fogar, e concrétase nun conxunto de tarefas que teñen por finalidade proveer de benestar aos membros da familia, e por extensión a toda

a sociedade. Neste benestar inclúese dende garantir a alimentación, hixiene e saúde, até o equilibrio emocional, coidando da socialización das persoas dende o seu nacemento e da harmonía das relacións e afectos.

Este traballo, indispensábel para que a sociedade subsista e manteña o seu nivel de vida, segue a ser realizado maioritariamente polas mulleres.

Proporción en Europa de homes que **NON SE ENCARGAN DE NINGUNHA TAREFA** segundo as súas propias declaracións e ás dos seus conxugues:

País	Segundo o home mesmo	Segundo o seu conxuxe
Bélxica	60.8 %	61 %
Dinamarca	51.1 %	47.5 %
España	76.6 %	79.7 %
Francia	58.4 %	60.7 %
Irlanda	84 %	81.9 %
Italia	55.6 %	60.2 %
Portugal	71.9 %	69.3 %
Reino Unido	74.2 %	70.6 %

Fonte: Eurobarómetro 34 en "Las mujeres en la Unión Europea" 2001

Estes datos alónxanse moito do “home moderno” que aparece frecuentemente nos medios de comunicación. As dúas terceiras partes dos homes europeos seguen a deixar **EXCLUSIVAMENTE** nas mulleres –nai, irmá, esposa, compañeira..- a carga do conxunto das tarefas de coidado cotián, de si mesmos e dos seus fillos e fillas.

O patrón tradicional de “home subministrador de recursos” que lles asignou ás mulleres as tarefas e responsabilidades relacionadas coa familia e o fogar, privándoas do dereito á educación, aos ingresos propios e á participación nos asuntos públicos; ao definir ámbitos de competencias distintos para homes e mulleres en esferas separadas – privada/pública- baseándose nunha suposta “inferioridade natural” das mulleres; **relaciónase nos discursos públicos actuais con sociedades atrasadas, non democráticas, antigas.....**, con concepcións xa superadas na nosa sociedade moderna, europea, democrática e igualitaria, onde as mulleres, como cidadás en igualdade de dereitos cos homes, están incorporadas masivamente á educación, participan no mercado de traballo, na política, na cultura

Este discurso colectivo e público contrasta cunha realidade que teimudamente nos sinala a persistencia da división sexual do traballo e a socialización diferenciada.

Se pensábamos que a **incorporación das mulleres** a todos os espazos públicos e en especial **ao traballo remunerado** habería de promover unha distribución equilibrada do resto das responsabilidades entre as persoas, este equilibrio non se acada, e pola contra aparece un novo fenómeno: **a “dobre carga” – traballo remunerado+ traballo non remunerado- das mulleres.**

Nos últimos dez anos, a dobre participación da poboación española na vida familiar e laboral ten experimentado importantes cambios. Este modelo de participación “dual” no que os dous membros da parella están integrados no mercado de traballo é xa o habitual nos países da UE, representando no ano 2000 o 62% dos fogares. Neste mesmo ano, a situación dos fogares

en España atopábase aínda alonxada da media comunitaria, pois só no 43% das parellas traballaban os dous membros. Esta cifra, non embargantes, representa un incremento moi elevado tocante o ano 1992, no que a proporción reducíase ao 31% (Eurostat 2002), e sinala unha tendencia irreversible: ao progresivo incremento da participación laboral das mulleres españolas e a súa vontade de permanencia no mercado de traballo, ao mesmo tempo que o progresivo incremento de mulleres con “dobre carga”.

Persoas ocupadas que realizan labores no fogar por sexo - 1992 / 2003 - % de tarefas do fogar como situación compartida co emprego-

Anos	Mulleres	Homes
1992	60.6 %	1.4 %
1993	63.3 %	1.9 %
1994	62.3 %	2.8 %
1995	63.3 %	3.6 %
1996	62.7 %	5.1 %
1997	64 %	6.9 %
1998	65.5 %	8.4 %
1999	60 %	8.4 %
2000	59.7 %	10 %
2001	61.4 %	10.9 %
2002	60.7 %	12.9 %
2003	61.1 %	13.7 %

Fonte: INE. Enquisa de Poboación activa. 2003

A proliferación de parellas nas que os dous membros participan no mercado laboral vemos que non vai acompañada dunha perda sustancial da asunción das mulleres das responsabilidades no ámbito doméstico. Malia os avances e do cambio actitudinal rexistrado, bótase en falta unha incorporación tan decidida dos homes nas responsabilidades familiares, como foi a das mulleres ao mercado laboral.

Os estudos realizados amosan como, se consideramos conxuntamente traballo remunerado e non remunerado, do traballo necesario para garantir **o mantemento do nivel actual de benestar no país, o 67% está sendo realizado polas mulleres**, e só o 33% restante é responsabilidade dos varóns.

Estes datos fan evidente a necesidade de chegar a un reparto máis equitativo da carga de traballo entre mulleres e homes, necesidade sobre a que veñen chamando a atención dende hai tempo os movementos de mulleres e que actualmente xa recoñecen os organismos internacionais e os estados.

En tanto que na nosa sociedade se siga reproducindo a división sexual do traballo a través da transmisión de valores e funcións vinculadas ó xénero, a acumulación de responsabilidades familiares e laborais seguirá a recaer en maior medida nas mulleres.

Por outra banda, a síntese de atributos e funcións sociais que se lles seguen a atribuír ás mulleres e a xestión da actividade doméstica, condiciona a súa inserción no mundo laboral. **Taxas de paro moi superiores ás masculinas** e cun comportamento diferenciado, por exemplo son as mulleres sen estudos as que sofren períodos menos prolongados de búsquedas de emprego, ao revés do que ocorre cos desempregados varóns, **altas taxas de temporalidade**, coas consecuencias de menor salario total, maiores dificultades para o desenvolvemento da carreira profesional, e menores prestacións sociais cara a futura xubilación; **obstáculos á promoción** interna dentro das empresas, o chamado “teito de cristal” como exemplo, en oito das dez empresas máis importantes do Ibex, non hai nin unha soa muller no consello de administración nin no comité de dirección. A todo isto hai que engadir, **a discriminación salarial**, as mulleres traballadoras cobran en Galiza un 31 % menos que os seus compañeiros varóns. En maio do 2003, o director da OIT en España recoñecía que “...é habitual atopar mulleres nos empregos peor pagados e con peores condicións de seguridade.....as desigualdades continúan a existir en termos de salario, xerarquía e promoción..”

Maila esta situación, a opción das mulleres españolas por manterse no mercado laboral parece ser definitiva. Esta opción, non só representa unha necesidade de independencia económica e persoal ou desenvolvemento profesional, senón tamén unha necesidade para o sostemento da familia, pois os bens e servizos que precisan estas son cada vez máis complexos e sofisticados e o fogar non pode producir a maior parte deles .

Pero unha das condicións para que unha realidade social cambie é que os suxeitos implicados na construción desa realidade perciban a necesidade do cambio e desexen cambiar. As manifestacións do desexo das mulleres de diminuír a súa dedicación ao traballo remunerado son xa numerosas, a súa permanencia nun mercado laboral adverso, son confirmación do seu desexo. Pero esta lexítima manifestación das mulleres choca frontalmente cos escasos desexos de cambio que manifestan os restantes membros do fogar. Segundo a “Enquisa de actividades non remuneradas” realizada polo CSIC en 1995 só un 7% dos varóns implicados expresaban desexos congruentes coas aspiracións das mulleres de reducir a dedicación destas ás tarefas domésticas. Este contraste evidencia as resistencias que aínda existen dentro dos fogares a un reparto máis igualitario das responsabilidades familiares.

Parecera que o ámbito familiar e doméstico se erixira no reduto do sexismo e do privilexio dos homes. Homes que aprenderon unha dobre linguaxe, no ámbito público manteñen posicións politicamente correctas e defenden a igualdade e dereitos das mulleres, e dentro do fogar se transforman en profundamente machistas. Por cada home que se agocha da súa responsabilidade no fogar, hai unha muller, pola que di sentir amor ou afecto , que se sobrecarga coa súa parte das tarefas con serias repercusións non só sociais e laborais , senón tamén na súa saúde física e mental.

Promover o reparto igualitario das responsabilidades familiares entre homes e mulleres é unha condición básica para avanzar nunha sociedade máis democrática e igualitaria, pero tamén é unha estratexia para o desenvolvemento dunha correcta e eficaz utilización dos recursos humanos dispoñíbeis nun país e xerar un mellor nivel de vida colectivo.

Por outra parte, establecer relacións de igualdade e compatibilizar vida laboral e vida familiar non será posíbel se desde as institucións sociais, políticas, económicas e laborais non se crean e propician instrumentos que o faciliten. Instrumentos que haberán de ir dende crear unha infraestrutura que permita combinar traballo e maternidade, ate a harmonización de horarios e tempos de traballo, sen esquecer a dotación de servizos necesarios para atender ás necesidades xeneradas polo progresivo incremento dunha poboación anciá en situación de dependencia.

A corresponsabilidade

Vivimos pois, un momento histórico de profundas transformacións, onde os cambios relacionados cunha maior presenza das mulleres no mundo público, especialmente no laboral, xunto coas transformacións no mercado de traballo e as novas tendencias demográficas dos países desenvolvidos, cuestionan fortemente a división tradicional entre o mundo público e privado baseada na división sexual do traballo que lles asignaba ás mulleres un traballo invisíbel e centrado no matrimonio e o coidado do fogar e da familia.

Pero a incorporación das mulleres ao ámbito público, e en especial ao mercado laboral produciuse sen que se teñan modificado de forma proporcional os papeis tradicionais de homes e mulleres e sen que as políticas públicas e empresarias anticiparan as consecuencias sociais desta situación.

Como vimos analizando, unha das consecuencias para o colectivo feminino veu a ser a “dobre carga”, que dada a tendencia demográfica das sociedades europeas, do progresivo incremento de persoas maiores en situación de dependencia, estase xa a transformar en “triple carga”.

06 | Unidade Didáctica

Cómpre que as institucións públicas e económicas adopten medidas, políticas e programas que fagan posíbel que as persoas, homes e mulleres, poidan conciliar a súa vida profesional e persoal con equidade e eficiencia. ***Pero, asemade, é imprescindible asegurar a paridade, a igualdade de dereitos e oportunidades na vida cotiá, eliminando o sexismo que se atrincheira na intimidade dos fogares.***

Neste aspecto, os axentes socializadores cumpren un papel de primeira magnitude, e entre eles a institución educativa é unha instancia fundamental. Esta institución segue a ser o contorno vital onde mellor se pode asegurar unha convivencia equilibrada entre as persoas de ambos os dous sexos e difuminar a inercia histórica dos roles sexistas. A vivencia compartida de tarefas comúns, socializándose e formándose conxuntamente, desclasificando os valores tradicionalmente asignados segundo o xénero para favorecerlos en todos os seres humanos, permitirá sentar as bases dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

Para avanzar neste camiño e educar ao alumnado na necesidade de construír unha sociedade igualitaria na que homes e mulleres compartan responsabilidades, propoñemos a realización dunha serie de actividades que lles permitan : **visibilizar o traballo doméstico e as diferentes tarefas e responsabilidades que leva consigo propiciando a toma de decisións mediante a negociación e os pactos para deste xeito, como protagonistas das accións, poidan tomar conciencia da súa realidade máis inmediata e da súa capacidade de intervención para o cambio.**

Actividades

ACTIVIDADE 1

O alumnado realizará unha enquisa entre os compañeiros e compañeiras do seu propio centro no tempo de recreo, para investigar como as familias actuais organizan as tarefas domésticas. Decidirase colectivamente o tamaño da mostra e a súa distribución para a recollida de datos.

-Unha vez realizadas as enquisas, estas distribuiranse en dous grupos para comparar, en función da resposta si/non á pregunta A, coa elaboración de gráficos de barra, columnas ou circulares para visibilizar mellor os resultados obtidos.

-Realizarase un debate colectivo dos resultados intentando dar resposta a preguntas do tipo:

- **Aprecianse diferencias significativas entre os dous grupos de enquisas?**
- **Aprecíase desequilibrio na carga de traballo? Sobre quen?**
- **Se existe desequilibrio cal pode ser a causa?**
- **Que consecuencias se poden derivar?**
- **Poderías propoñer cambios?.....**


Enquisa:

A: Rodea. *Nai exclusivamente traballo doméstico* Si Non

Tarefa	Alumno/a	Nai	Pai	Irmá	Outros
Cociñar					
Facer a compra					
Limpar a casa					
Poñer e recoller a mesa					
Limpar o WC					
Fregar os pratos e a cociña					
Facer a cama e o cuarto					
Comprar roupa para as/os fillas/os					
Pasar o ferro e recoller a roupa					
Lavar e tender					
Coidar das persoas enfermas					
Acompañar a/o médico/a, cole					



corresponsabilidade
O traballo e as responsabilidades domésticas e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.



Activiv

ACTIVIDADE 2

Normalmente no fogar as persoas satisfan necesidades que garanten a súa supervivencia e calidade de vida, como son o alimento, cuidado, aseo, saúde, afecto... Cada unha destas necesidades supoñen a realización dunha serie de traballos. **Completa o cadro coas tarefas que se realizan dentro do fogar** para cubrir estas necesidades:

alimento	descanso	hixiene



-Poranse en común as diferentes respostas dadas e elaborarse unha nova ficha que recolla todas as aportacións. Coidarase que se visibilicen non só as accións concretas senón tamén as tarefas previas e responsabilidades- decidir cambiar as sabas da cama, comprar pasta de dentes, repoñer o menaxe de cociña...-

-Unha vez elaborada a ficha colectiva asignarase :
 1: para aquelas tarefas de periodicidade diaria,
 2: para as de periodicidade semanal.
 3: para as tarefas que se realizan cunha periodicidade maior.

-Actividade encamiñada a reflexionar sobre a multiplicidade de tarefas necesarias para cubrir necesidades que parecen sinxelas: comer, dormir.... , a diferente entidade destas tarefas e quen as realizada de xeito cotián no fogar.



ACTIVIDADE 3

Chus é unha bebé de 16 meses que quere estar todo o día de festa e non lle gusta nada durmir. Unha situación de extrema urxencia obriga aos seus pais a deixala ao teu cuidado precisamente a fin de semana na que os teus pais marchan a visitar uns parentes. Ti quedarás o sábado pola tarde para ir ao cine, e o domingo para ir a unha festa. Cando os pais de Chus chegan á túa casa son as seis da mañá do sábado, Chus vén durmida e envolta nunha manta. Coas presas non puideron recoller nin roupa, nin cueiros, nin comida, pero pídenche que merques o que precisas que logo eles han de o pagar. Vai ser unha fin de semana moi longa.



Discutirase na clase a situación presentada, ás necesidades de Chus, problemas que poden aparecer e como resolvelos, tendo en conta que haberán de realizarse unha serie de supostas compras e contabilizar o gasto real para llelo presentar aos pais cando regresen.

Unha vez realizado este debate cada alumno/a asumirá como propia a situación dada, e elaborará un diario onde relatará as tarefas realizadas, compras teóricas, prezos reais no mercado, problemas resoltos etc. O tempo de realización desta actividade non excederá de dous días.

Os diarios poñeranse en común e suscitarase o debate e a reflexión sobre as decisións tomadas e a multiplicidade de tarefas que leva consigo o coidado das cativas e dos cativos.



ACTIVIDADE 4

O obxectivo desta actividade é **observar como na nosa sociedade segue vixente un modelo de socialización tradicional** que asigna valores, capacidades e funcións distintas ás persoas segundo o sexo á que pertencen, descubrir a través de que medios se transmiten estes valores diferenciados, e analizar criticamente o proceso de socialización.

Temos dous curmáns xemelgos, neno e nena, de 6 anos. Precisamos facerlles cadanseu regalo polo día do seu aniversario.

Para decidir os regalos, o alumnado dividírase por grupos ou individualmente e buscará o asesoramento ou consello de diferentes persoas do seu contorno.

- Pais e nais de compañeiros ou compañeiras.
- Unha persoa que traballe nun gran centro comercial ou xoguetería.
- Profesorado do centro escolar.
- Un mozo ou moza de cursos superiores ao propio.
- Unha persoa de idade...

Coas diferentes respostas completárase colectivamente a seguinte ficha; atendendo á resposta maioritaria das persoas entrevistadas:

Persoas entrevistadas	Regalo para a nena	Regalo para o neno
Pai/nai de compañeiro/a		
Traballador/a dun centro comercial		
Profesorado do centro		
Mozo/a de curso superior		
Persoa anciá		
...		
O/a entrevistador/a		

En posta en común tras a realización da actividade comentarase as diferentes respostas obtidas e razóns que as sustentan.

Analízanse os estereotipos sexuais e valores que encobren as diferentes respostas e os mecanismos de transmisión social e aprendizaxe de comportamentos diferenciados para homes e mulleres. Falarase do papel da escola, a familia ou os grupos de idade como axentes de socialización diferenciada.

Incentivaranse novas ideas máis acordes coa situación actual de homes e mulleres na nosa sociedade.



ACTIVIDADE 5

O obxectivo que se persegue con esta actividade é a incorporación da negociación como instrumento que permita un reparto equilibrado de tarefas e responsabilidades, paso imprescindible para garantir a convivencia e a solidariedade.

Un grupo de alumnos e alumnas van organizar unha festa de aniversario sorpresa nun pequeno local que lle cede a asociación veciñal do barrio. O local está fóra de uso dende hai tempo e aínda que conta cun pequeno cuarto de baño, está cheo de suciedade e trastos vellos. As condicións do préstamo inclúen que ao remate da festa o local quedará perfectamente limpo e valeiro, listo para ser reutilizado.



Actividade a realizar :

- O alumnado agruparase en pequenos grupos formados por alumnas e alumnos de non máis de 6 membros .
- O grupo debaterá en común as diferentes tarefas e responsabilidades necesarias para celebrar a festa, confeccionando unha lista o máis exhaustiva posíbel. Unha vez elaborado este listado distribuiranse as tarefas entre os membros do grupo nun cadro de dobre entrada do tipo:

Persoa designada →					
Tarefa ↓					

Os diferentes cadros poñeranse en común en gran grupo coas respostas ás preguntas:

- Canto tempo se tardou en chegar ao acordo?
- Que criterios se utilizaron na asignación de tarefas e responsabilidades?
- Xurdiron conflitos?
- Como se resolveron os conflitos?
- O traballo desempeñado por cada membro do grupo é equilibrado?

Esta actividade pode completarse cunha proposta real de realización dunha festa no centro escolar.



ACTIVIDADE 6

Convivir nunha sociedade igualitaria na que homes e mulleres compartan responsabilidades significa tamén adquirir hábitos, e coñecementos que pemitan construír a autonomía das persoas. A alimentación é unha necesidade básica dos seres humanos, e a elaboración da comida é unha habilidade imprescindible para configurármolos como persoas non dependentes.

O alumnado, distribuído en parellas do mesmo sexo elaborará unha das receitas propostas. Os postres realizados serán levados ao centro escolar onde se organizará unha pequena festa gastronómica .

BISCOITO

Ingredientes:



3 ovos



un iogurt natural



un vaso de iogurt de azúcre



un vaso de iogurt de fariña



un chorro de aceite de oliva



un paquete de lévedo

Elaboración:

Nun recipiente botamos o iogurt, o vaso de iogurt de azúcre, e remexemos. Batemos os ovos e os incorporamos, tamén o vaso de iogurt cheo de fariña. Botamos o choriño de aceite e o lévedo e remexemos moi ben todo.

Coa supervisión dunha persoa adulta poñemos o forno a quentar a 175°, mentres preparamos o molde para o biscoito untándoo cun pouco de aceite e espolvoreando un pouco de fariña. Botamos dentro a masa e introducímolo no forno. En 30 minutos o biscoito está listo.



TORTA DE MAZÁ

Ingredientes:



4 ovos



1 vaso de fariña



4 mazás



1 vaso de leite



1 culler de lévedo



1 vaso de azúcre

Elaboración:

Póñense todos os ingredientes na batedora, e tras os mesturar, bótanse no molde que se vai utilizar. Cobres cunha capa de mazás a rodaxas e introduces o molde no forno, coa supervisión dunha persoa adulta, a unha temperatura de 200° durante 35 minutos. Para comprobar que a torta está feita, crava un paúciño nela; se sae limpo, xa está. Logo de que a torta estea fría e desmoldada, cobre con marmelada de pexego.

ACTIVIDADE 7

A vixencia da división do traballo en función do sexo tradúcese hoxe nunha sobrecarga de traballo para as mulleres que se integran no mercado laboral e o mesmo tempo vense obrigadas a responsabilizarse do coidado e benestar dos membros da familia. **Esta situación de “dobre carga” condiciona gravemente a incorporación feminina ao traballo asalariado.**

Lede e comentade o seguinte artigo xornalístico:

As mulleres ocupan 8 de cada 10 empregos con xornada parcial.

Unha ampla maioría dos empregos a tempo parcial realízanos mulleres, que ocupan un 81,57% dese tipo de contratos. Os postos de traballo con xornada parcial teñen en España un peso relativo sobre o total de ocupados do 8%, a metade da media da Unión Europea, que supón un 16%. Dous estudos de UGT e CC00 coinciden en subliñar a maior presenza nese tipo de traballos de mulleres, cuxa taxa de paro do 15,64% case duplica a dos homes (8,13%).

Cando nunha parella un dos seus membros ten que acollerse por obrigas familiares á xornada reducida, practicamente sempre é a muller, nun 99,61% dos casos, quen o fai. Nas contratacións cuxo fin é cubrir a ausencia doutro traballador, que son os traballos interinos, un 75,19% son ocupados por mulleres.

Estes informes indican que o 55% destes contratos, ademais da xornada parcial, teñen carácter temporal.

El País - Economía – 09-12-2003. Versión pasada no galego.

- Se os homes compartisen as cargas domésticas, cal sería o titular da noticia?
- Cando nunha parella un dos seus membros, por problemas familiares ten que acollerse á xornada reducida, en que criterios se habería de basear a decisión?
- Que consecuencias se derivan para as mulleres da situación que describe a noticia?



ACTIVIDADE 8

O obxectivo desta actividade é **reflexionar sobre as posibilidades de conciliación da vida laboral e familiar** e necesidades presentadas. A corresponsabilidade dos varóns nas tarefas e coidados chamados domésticos é un paso impescindíbel para avanzar na procura dunha sociedade máis xusta, equilibrada e democrática. Pero dende a administración cómpre que se activen medidas que favorezan que estes dous traballos, necesarios, sexan compatíbeis para todas as persoas, independente do seu sexo.

Ana e Paco son unha parella moza que vive no teu edificio. Teñen unha filla de 2 anos e un fillo de 7 anos. Ana traballa de administrativa nunha empresa cun horario de 9h- 14h e de 16h - 19h . Paco traballa nun comercio cun horario de 10h- 14h e 16h - 20h.

A clase organizarase en dous grupos que se ocuparan de facer as averiguacións precisas para resolver as necesidades desta parella.

Grupo 1:

Tomando como referencia o domicilio de un dos integrantes do grupo:

- Averiguar os horarios de garderías e centros escolares do seu barrio.
- Averiguar os horarios de apertura de bancos e comercio.

Grupo 2:

Asignación de tarefas :

- A alimentación cotiá: mercar, cociñar....
- A limpeza da casa: cuartos, baño, cociña.....
- As roupas: lavar, tender, recoller, pasar o ferro, gardar nos armarios.....
- Coidado dos fillos/as: aseo, alimentación, xogo, deitar.....

Ambos os dous grupos poñerán en común os resultados obtidos e reflexionarán sobre a adecuación dos servizos existentes ás necesidades demandadas.

Deben propoñer solucións e alternativas ás dificultades de compatibilizar horarios observadas.

Que xeitos de organización doméstica diminuírían a carga de traballo?

Como resolver o coidado dun fillo/a enfermo/a?





Bibliografía

- C. Borderías, C.Carrasco, C. Alemany. *Las mujeres y el trabajo. Rupturas conceptuales*. 1994. economía crítica. Icaria. Barcelona.
- 2º Informe sobre la situación de las mujeres en la realidad sociolaboral española. Consejo Económico e Social. 2003. Madrid
- Durán, Mª Ángeles e colaboradoras. *La contribución del trabajo no remunerado a la economía española: alternativas metodológicas*. Serie Estudios, nº 63. Instituto de la Mujer
- Carrasco. C. *El trabajo doméstico. Un estudio socioeconómico*. Colección Tesis Doctorales. Ministerio de Trabajo y Seguridad Social. 2000. Madrid.
- Montañés M. *El trabajo desde una perspectiva de género*. Dirección General de la Mujer. Comunidad Autónoma. 1993. Madrid.
- Ufton H. *La investigación sobre tiempo y género*. Monográfico. Revista Internacional de sociología. 1997
- AA.VV. *Perspectivas feministas desde la Antropología Social*. Ariel. 2000. Barcelona
- Del Valle, Teresa. *Andamios para una nueva ciudad*. Cátedra. 2000. Madrid.
- Castaño Collado. *Los cambios en el hogar y trabajo doméstico*. Segundo Seminario sobre el género y urbanismo. 2002. Madrid.
- Trabajo y participación económica. *La actividad de las mujeres madrileñas*. Dirección General de la Mujer. Comunidad Autónoma de Madrid. 1995 Madrid.
- Méda, Dominique. *El tiempo de las mujeres. Conciliación entre vida familiar y profesional de hombres y mujeres*. Narcea. 2002. Madrid.
- Garduño Andrade, M.A. *El trabajo doméstico y la salud de las mujeres*. Salud de los trabajadores. Volumen 9. 2001. México.

EDITA...

Concello de Vigo - Concellaría da Muller.
Area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

CONCELLEIRA...

Lucía Molares Pérez

SUPERVISIÓN LINGÜÍSTICA...

Servizo de Normalización Lingüística - Concello de Vigo.

ELABORACIÓN E COORDINACIÓN...

Avalia Grupo de Coordinación S.L.

DEP. LEGAL: VG 265-2005



Concello de Vigo



Concellaría da Muller
Concello de Vigo



Corresponsabilidade



O traballo e as responsabilidades domésticas e a
igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.